



AMORÍN

Na escritura de partición de bens que fixeron entre sí os Sres. Bispo e Cabido eclesiástico de Tui, en 1º de Decembro do ano 1156, xa se fai mención de Amorín coa advocación e título de Sta. Maria. Os froitos decimais deste Beneficio co seu Coto disfrutábanos antes os Deáns da nosa Catedral; pero pretextando mellor dereito a eles e ao referido Coto os Rdos. Bispos de Tui puxéronlles acción e demanda, e despois dun largo litixio que durou moitos anos sentenciou, a favor destes e contra daqueles, o Supremo Consello no ano de 1559, e foron agregados co Coto á Dignidade episcopal. Antigamente venerou Amorín por Patroa tutelar a Sta. Maria Nsa. Sra. como arriba vimos, e actualmente, e xa no ano de 1557 recoñecía e recoñece por tal a Sn. Xoán Bautista, a quen lle teñen a festa o 24 de Xuño. Habitana 140 veciños que, excepto os do lugar de Carregal, pertencen polo contencioso ao Xuíz que hai no mesmo Pobo, e os do indicado lugar corresponden no propio caso ao de Sobrada, e todos eles polo político e gubernativo tocan á Xustiza de Barrantes. Valen os seus décimos con exclusión dos de Carregal 9.754 reais, dos que leva o Párroco a terceira parte, e o Rdo. Bispo de Tui as outras dúas terceiras restantes: aquel ten casa reitoral e ígrexario de 17¾ ferrados de pan en semente. A fábrica da Igrexa percibe de renda anual 2 ferrados de miúdo, 1½ cuartillos de aceite e 50 reais. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. A Igrexa parroquial construíuna o Sor. Bispo Dn. Domingo fernández Angulo trasladándoa ao lugar que hoxe ocupa de outro máis abaixo á beira do Miño. Hai aquí un castelo case arruinado fronte a Portugal. Confina co citado Miño. Dista de Tui 1 legua." (Ávila y La Cueva, 546-547).





A posible razón desta profusión de imaxes da Virxe pode ser que esta foi a súa advocación ata o século XVI.

En dous deles aproveitáronse uns relevés de arte popular e representan a **Visitación** (6) (no retablo do Carme (7), que é barroco) e a **Anunciación** (8) (no da Inmaculada, que é neoclásico) (9).

A imaxe da Virxe do Carme non está presidindo o seu propio retablo, senón que se atopa noutro contiguo.

O autor dos retablos das Ánimas e da Purísima é Agustín Correa Soto, escultor de Baiona, polos que cobrou o 19 de Novembro de 1760 a cantidade de 250 reais. Tamén fixo as imaxes de Sto. Amaro, Sta. Lucía e S. Roque.

Ten moi boa imaxinería. De toda ela cabe destacar estas dúas imaxes: unha **Inmaculada** (10) e **Sto. Antón** (11).

No ano 1980 restauráronse 8 destas imaxes no Taller de Restauración que tiña naquela época o Museo Diocesano.

Todo o recinto da igrexa está cercado por un petril de pedra que separa o adro do recinto da festa. Este petril e o **cruceiro** (12) foron mandados construír polo párroco D. Xosé María Parraía Vázquez, que era natural de Ribadavia, no ano 1900.





No 1987 levantouse dentro do adro un monumento co busto de D. Xesús Gómez Sobrino (13), que foi párroco nesta freguesía ao mesmo tempo que cóengo da Catedral de Tui e director do Museo Diocesano.

Ata non hai moitos anos tivo casa reitoral, segundo figura no inventario de 1955. Na actualidade non existe. Consta nun documento de aforamento de 1828: *“El Ilustrísimo Señor Obispo, que fue de este Obispado (1775-1796), D. Domingo Fernández Angulo se dispuso mandar construir y fabricar la casa que actualmente habita el actual párroco”*.

FESTAS E ROMAXES DE AMORÍN

- San Xoán: 24 de xuño.
- Virxe da Agonía: agosto (variable)
- O Pilar: 12 de outubro.

